



BASES DO PREMIO AO MELLOR TRABALLO FIN DE ESTUDOS EN GALEGO CURSO 2025-26

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

Este premio pretende contribuír á dinamización, difusión e uso da lingua galega na redacción dos traballos de fin de estudos do alumnado da Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia

2. DATOS TÉCNICOS

Os traballos estarán redactados na súa totalidade en galego, con corrección, e cumpriran os requisitos sinalados no protocolo de TFE para o curso vixente.

3. PARTICIPANTES, PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN

- 3.1. Poderá participar no concurso o alumnado matriculado no TFE no curso académico vixente, que presente o TFE nalgunha das quendas convocadas no curso, acadando unha nota igual ou superior a 8.
- 3.2. A data de inscrición no concurso rematará 5 días despois da publicación das notas do TFE na quenda de xullo, ás 14:00h.
- 3.3. A solicitude deberá facerse presentando o Anexo 1 debidamente cumprimentado na Administración do centro. Ademais, son medios de presentación os previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP) (BOE do 02/10/2015).

4. XURADO E RESOLUCIÓN

- 4.1. O xurado estará composto polo director/a do centro, a persoa responsable do equipo de dinamización da lingua galega e a persoa coordinadora de TFE, sendo designados pola xefatura de estudos os suplentes que sexa preciso.
- 4.2. A data límite da resolución do xurado será de 5 días unha vez finalizado o prazo de recepción de solicitudes.
- 4.3. O traballo que cumpra os requisitos indicados e teña recibido a mellor puntuación no TFE será o distinguido con este premio.

5. DOTACIÓN

Haberá un premio dotado con 200 €.

ANEXO 1

FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN AO PREMIO DE TFE EN GALEGO

DATOS DO TFE	
Título	
Especialidade	
Sinopse (non máis de 5 liñas)«	
Nota acadada	

DATOS DO/A AUTOR/A	
Nome e apelidos	
DNI	
Teléfono	
Correo electrónico	

En _____, a _____ de _____ de 2026